

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e oito de setembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan González Leirós, segundo delegación de funcións efectuada por Resolución da Alcaldía núm. 1651/2021, do 27 de setembro, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Óscar A. García Patiño.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 21 de setembro de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 21 de setembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Orde de 22 de setembro de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica a Orde de 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 184-Bis, do 23 de setembro de 2021).

### **3º. Expedientes de contratación**

#### **3.1. Proposta de aprobación do proxecto denominado: “proyecto básico y de ejecución, de mejora de accesibilidad en Lendoiro. A Barcala., lote 1, Cambre”.**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras, de data 23 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 15-07-2021, polo alcalde ditouse a resolución núm. 1181/2021 na que se adjudica o contrato menor mediante o sistema de “vale de pedido” para a “REDACCIÓN DEL “PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN, DE MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN LENDOIRO. A BARCALA. CAMBRE” LOTE 1 LOTE 2., a L2 INGENIERIA Y CONSULTING GALICIA S.C.P. (Expte 2021/C002/0000115)

Con data 1 de setembro de 2021 mediante escrito rexistrado co número 202199900004495 achega o proxecto denominado: *PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN, DE MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN LENDOIRO. A BARCALA. CAMBRE” LOTE 1”*.

Con data 23 de setembro de 2021, emítase informe polo arquitecto municipal, dando a conformidade técnica previa ao antedito proxecto.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

**Único:** Aprobar o proxecto denominado: “REDACCIÓN DEL “PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN, DE MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN LENDOIRO. A BARCALA. CAMBRE” LOTE 1”, **cun orzamento total de licitación: 60.000,00 €, redactado por L2 Ingeniería Consulting Galicia SCP.”**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**4º.- Toma de coñecemento da resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia número 177/2021, do 3 de setembro, pola que se desestima o recurso especial en materia de contratación, interposto polo Colexio Oficial de Arquitectura Técnica da Coruña no expediente número 2021/C004/000004 “servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, e se levanta a suspensión do procedemento acordada polo citado tribunal como medida cautelar.**

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados da Resolución número 177/2021, do 3 de setembro, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, rexistrada de entrada ao número 9/3227, o día 3 de setembro do ano que andamos, pola que se desestima o recurso especial en materia de contratación, interposto polo Colexio Oficial de Arquitectura Técnica da Coruña no expediente número 2021/C004/000004 “servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, e se levanta a suspensión do procedemento acordada polo citado tribunal como medida cautelar.

**5º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 17 ao 23 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 1598/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 1636/2021, segundo se relaciona a seguir:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1598/2021	17-09-2021	Conceder axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: EG
1599/2021	17-09-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CID
1600/2021	17-09-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ERS
1601/2021	17-09-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de setembro de 2021
1602/2021	17-09-2021	Expediente núm. 22/2021 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2020 ao exercicio 2021
1603/2021	17-09-2021	Aprobación do pagamento á Augas de Galicia correspondente a autoliquidación do canon da auga do segundo cuadrimestre do 2021.
1604/2021	17-09-2021	Tramitación de Decretos
1605/2021	17-09-2021	Lista definitiva admitidos/excluídos concurso-oposición para a selección dun traballador social interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de traballadores sociais interinos
1606/2021	17-09-2021	Servizo de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde para a obra de emerxencia na rúa Lourençiño, Cambre
1607/2021	17-09-2021	OSC 2021 estruturas móbiles
1608/2021	20-09-2021	Aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do terceiro trimestre de 2021
1609/2021	20-09-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 43.856,75 €
1610/2021	20-09-2021	Aprobación de certificacións correspondente á obra "Mellora camiños municipais acceso a parcelas agrícolas en Aldea de Arriba e O Cepal, financiada polo Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 do AGADER e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe de 35.737,75 euros, así como o seu pagamento
1611/2021	20-09-2021	Contrato menor da coordinación de seguridade e saúde da obra de reparación parcial da cuberta do CEIP Plurilingüe Graxal
1612/2021	20-09-2021	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 23 de setembro de 2021
1613/2021	20-09-2021	Concursos provisión de postos de traballo de coordinador de Protección Civil, enxeñeiro técnico industrial e conserxe instalacións deportivas
1614/2021	20-09-2021	Expediente de reposición da legalidade urbanística por obras realizadas en Pombo, Pravio. Propiedade: MST/MdelCSG
1615/2021	20-09-2021	Conceder axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: TAMP
1616/2021	21-09-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
1617/2021	21-09-2021	1º achega convenio Anpa Mencer curso escolar 20/21
1618/2021	21-09-2021	1ª achega convenio Anpa Brexo-Lema curso escolar 20-21
1619/2021	21-09-2021	1º achega convenio Anpa Fendetesta curso escolar 20/21
1620/2021	21-09-2021	Reposición legalidade urbanística pola construción dun galpón de 9 x3 m <sup>2</sup> cunha cuberta a unha auga con pezas de panel ondulado de cor tella, en



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Picardos, parroquia de Anceis. Propiedade: EJFRH
1621/2021	21-09-2021	Contrato menor para a xestión da APP e da aplicación WEB do proceso participativo "Decidámolo Xuntos".
1622/2021	21-09-2021	Contrato menor compra de libros para a Mellora das Coleccións / Bibliotecas
1623/2021	22-09-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras nas edificacións secundarias existentes na parcela sita en Patiña, Cela. Propiedade:SLJ e VLAM
1624/2021	22-09-2021	Solicitud numero a instancia de MVRM
1625/2021	22-09-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra "instalación circuito físico-deportivo anexo a c.f. Dani Mallo e reparación pavimento pista skate , e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe total de 39.790,85 euros, así como o seu pagamento"
1626/2021	22-09-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 17.159,65 euros
1627/2021	22-09-2021	Recoñecemento extraxudicial 5 Alcaldia
1628/2021	22-09-2021	Aprobación de gastos, recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 373,75 euros
1629/2021	23-09-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
1630/2021	23-09-2021	Conceder a licenza municipal para a parcelación da finca sita en San Lourenzo, Meixigo en tres parcelas de 615 m <sup>2</sup> , 615 m <sup>2</sup> e 99 m <sup>2</sup> , con cesión desta última ao Concello para regularización do viario. Solicitante: PBdeA-A,DBdeA-A JBdeA-A eFBdeA-A
1631/2021	23-09-2021	Licenza para reforma interior vivenda tradicional aislada en lugar Sobrecarreira.Declarada a desistencia do expediente por falta de presentación de documentación
1632/2021	23-09-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos, por un período máximo de 18 meses condicionado ao cumprimento do proxecto. Solicitante MEMC
1633/2021	23-09-2021	Reposición legalidade urbanística pola realización dunha soleira de formigón e un peche de bloques de formigón na finca sita en Folgueira, Santa Maria de Vigo. Propiedade: JVM
1634/2021	23-09-2021	Convocatoria e bases obradoiro "PROXEDIS-PROWEB III"
1635/2021	23-09-2021	Reposición da legalidade urbanística por construción de peche en finca sita en Carballás, Pravio JLRL
1636/2021	23-09-2021	Xeración de crédito 10/2021 obradoiro de emprego Proxedis Proweb III

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á obra de "Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel, A Barcala (fase 2)", á empresa **CONSTRUCCIONES CANOSA S.L.**, no prezo ofertado de 23.511,07 € sen IVE, 28.448,39 €, IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000126

- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao “Servizo para a tramitación da cesión anticipada ao Concello de Cambre de terreos destinados no planeamento a viarios”, á empresa “Acuatea Técnicas Aplicadas, S.L.P.” Expediente núm. 2021/C002/000031
- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á “Subministración dunha máquina fregadora/aspiradora industrial con conductor sentado para un pavillón polideportivo municipal a determinar dentro do término municipal de Cambre”, á empresa Darlim S.L., no prezo ofertado de 5.890,00€ sen IVE, 7.126,90€ IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000147
- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á Subministración e instalación de LUMINARIAS CAMPANAS LEDS para a PISTA dos pavillóns polideportivos de Graxal, Campóns e Brexo -Lema.”, á empresa Fondo Instalaciones Electricas S.L., no prezo ofertado de 12.632,39€ sen IVE, 15.285,75€ IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000142
- Aprobación, se procede, da liquidación do contrato subscrito coa entidade “Pumbariño, S.L.”, para a organización e realización da “Xuntanza do maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020. Expediente : 2019/C004/000016

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de “Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel, A Barcala (fase 2)”, á empresa CONSTRUCCIONES CANOSA S.L., no prezo ofertado de 23.511,07 € sen IVE, 28.448,39 €, IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000126**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 14/05/2021 asínase por dona Carlota Robelo Pardo, arquitecta adscrita ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia co número 1199, o documento denominado “Proxecto técnico”, correspondente á obra “Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel. A Barcala (fase 2)”.

Con data 05/08/2021 emítese polo arquitecto municipal o informe denominado “Conformidade técnica a proxectos externos”, correspondente á obra “Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel. A Barcala (fase 2)” no que se dispón:

*“...préstase a CONFORMIDADE TÉCNICA PREVIA AO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS EN RÚA SIL DA MAZÁ M3 DA BARCALA (Fase 2)”.*

Con data 05/08/2021 emítese polo arquitecto municipal o informe denominado “Informe urbanístico de viabilidade”, correspondente á obra “Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel. A Barcala (fase 2)” no que se dispón:

*“...dado que os traballos se realizan sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, e que non se precisa para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración; desde o punto de vista urbanístico, considérase viable”.*

Con data 26/07/2021 asínase polo arquitecto municipal o informe denominado "Prescricións técnicas", correspondente á obra "Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel. A Barcala (fase 2)".

Con data 26/07/2021 asínase polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da área de urbanismo e obras, e a concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado "Informe técnico de necesidade", correspondente á obra "Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel. A Barcala (fase 2)" elaborado polo arquitecto municipal, no que se motiva a necesidade da obra xustificando que:

*"Os bloques de vivendas construídos na urbanización A Barcala presentan unha característica pouco común, parte das súas plantas soto, destinadas a garaxes ou trasteiros dos propios bloques, sitúanse debaixo de parte das beirarrúas do viario de superficie, polo que estas zonas de beirarrúa son elementos de "uso público" pero de "propiedade privada" no que concierne ao seu subsolo.*

*Tendo en conta o anterior, corresponde ao concello o mantemento e reparación da zona de acabado superficial, correspondente ao "uso público", pero corresponde á "propiedade privada" o mantemento e conservación dos elementos estruturais (muros verticais, forxados e laxas), que conforman os espazos privados situados baixo as beirarrúas*

*En moitas destas zonas prodúcense filtracións de auga aos sotos, que os veciños demandan que solucione o concello; pero os servizos técnicos municipais, tanto de urbanismo como de obras e servizos, sempre rexeitaron tal petición, sinalando que primeiro, debería repararse a impermeabilización correspondente á "propiedade privada".*

*Con todo, neste caso, como xa ocorreu coa Praza 1 de Maio, a comunidade de propietarios das edificacións que lindan coa esta rúa, fixeron chegar ao concello a súa disposición a cambiar a impermeabilización desas zonas de beirarrúa; polo que de acordo con o concello, a propia comunidade encargou un proxecto que englobase todas as obras a executar, é dicir, tanto as correspondentes á "propiedade privada" (levantado de beirarrúas e impermeabilización basicamente), como as correspondentes á administración municipal (pavimentado novo das beirarrúas); resulta evidente que estas actuacións non podían dividirse en dous proxectos, senón que un único proxecto e un único arquitecto deberían redactalo, e, ao incluír elementos de execución na propiedade privada, non podía redactarse ou encargarse desde a administración municipal.*

*Así o obxecto do presente contrato é a execución das obras consistentes na realización da base do pavimento das beirarrúas e o acabado (pavimentación) destas, así como a execución das instalacións de equipamento urbano (alcorques, vexetación, mobiliario urbano, etc.), nas mesmas beirarrúas, lindeiras cos edificios das rúas Río Mero, Río Miño, e acceso á Praza Amador e Daniel, na mazá M3 da Barcala,".*

Coa mesma data de 26 de xullo elabóranse tamén polo arquitecto municipal as "prescricións técnicas para a contratación das obras comprendidas no proxecto básico e de execución de pavimentación de aceras en Rúa Río Mero, Río Miño e acceso Praza Amador e Daniel. A Barcala (Fase 29)".

Con data 06/08/2021 emítense documento de "Retención de crédito" pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 1532.61900 (Otras invers. repos.infraestruct.pavimentac.vías).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delgación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 19/08/2021 emítase informe pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal no que consta que:

**"Primeiro:** *No expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:*

Construcciones Canosa S.L.	B-15.119.837
Organización y Gestión Proyectos y Obras S.L.	B-70.248.869
Huso 29 Estudios y Construcciones S.L	B-15.995.772

**Segundo:** *Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:*

Empresa	Criterio económico		
	Oferta	Baja	% Baja
Construcciones Canosa S.L.	28.448,39 €	85,60	0,30
Organización y Gestión Proyectos y Obras S.L.	28.533,99 €	0,00	0,00
Huso 29 Estudios y Construcciones S.L	28.533,99 €	0,00	0,00

**Terceiro:** *Tendo en conta o sinalado no punto 8 das prescricións técnicas para a presente contratación:*

*8. As obras adjudicaranse cun único criterio, prezo; no entanto, e en relación coas ofertas con valores anormais ou desproporcionados, aplicarase o disposto no art. 85 do Real Decreto 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Resulta unha media das ofertas de 28.505,45€ e o límite inferior, segundo o mencionado art. 85 do Real Decreto 1098/2001, para considerar as ofertas con valores anormais ou desproporcionados, é de 25.654,91€; por tanto, ningunha das ofertas admitidas presenta un valor que poida considerarse anormal ou desproporcionado.*

*Á vista do anterior, realízase a seguinte:*

#### **PROPOSTA:**

*Propor como adxudicatario das obras de "PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS EN RÚA RÍO MERO, RÍO MIÑO E ACCESO PRAZA AMADOR E DANIEL. A Barcala (Fase 2)" segundo proxecto redactado pola Arquitecta D<sup>a</sup> Carlota Robelo Pardo (1199 COAG), á empresa CONSTRUCCIONES CANOSA S.L., cunha oferta económica de 28.448,39€ (iva incluído), por presentar a oferta máis vantaxosa,*

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 01 setembro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 355/2021- REPARO 105 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 19/09/2021 de 2021.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data 23 de setembro de 2021. Tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 1639/2021 de 24 de setembro de 2021, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar o documento denominado “Proxecto técnico”, correspondente á obra “*Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel. A Barcala (fase 2)*”. elaborado dona Carlota Robelo Pardo, arquitecta adscrita ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia co número 1199, que conta coa conformidade de arquitecto municipal, segundo consta nos informes emitidos con data 05/08/2021 sobre os documentos denominados “Conformidade técnica a proxectos externos” e “Informe urbanístico de viabilidade” correspondente á obra “*Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel. A Barcala (fase 2)*” cun orzamento base de licitación de 23.581,81 €, SEN IVE, 28.533,99 €, IVE INCLUIDO.

**Segundo:** Aprobar o documento denominado “Prescricións técnicas” elaborado polo arquitecto municipal correspondente á obra “*Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel. A Barcala (fase 2)*”

**Terceiro:** Aprobar o documento denominado “Informe técnico de necesidade” correspondente á obra “*Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel. A Barcala (fase 2)*” elaborado polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da área de urbanismo e obras, e a concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

**Cuarto:** Aprobar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 1532.61900 (Otras invers. repos.infraestruct.pavimentac.vías).

**Quinto:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000126, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Sexto:** Adxudicar o contrato para a obra “*Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel. A Barcala (fase 2)*”, á empresa CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L., con NIF B1111\*\*\*\*, domicilio en pol. industrial Os Airios, sector 1, parcelas 37-38, As Pontes, no



prezo ofertado de 23.511,07 € sen IVE, 28.448,39 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Sétimo:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Oitavo:** Designar como responsable do contrato, ao arquitecto municipal a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Noveno:** Notifíquese ao arquitecto municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Décimo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao “Servizo para a tramitación da cesión anticipada ao Concello de Cambre de terreos destinados no planeamento a viarios”, á empresa “Acuatea Técnicas Aplicadas, S.L.P.” Expediente núm. 2021/C002/000031**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 17/03/2021 asínase polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito memoria valorada para a contratación do “Servizo para a tramitación da cesión ao Concello de Cambre de terreos destinados no planeamento a viarios” cun orzamento base de licitación de 14.970,00 euros sen IVE, 18.113,70 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 12 meses.

O cálculo do prezo do contrato realizouse mediante prezos unitarios referidos aos distintos compoñentes da prestación, necesarios para a xestión da cesión de cada parcela (a efectos deste contrato entenderase a parcela como unidade de actuación), e en prezos aplicables a tanto alzado á totalidade ou parte das prestacións do contrato, cando o anterior non sexa posible. O desglose de prezos unitarios para cada parcela é o seguinte:

REF.	TAREFAS	UNIDADES ESTIMADAS (Parcelas)	PREZO UNITARIO (G.X. e B.I. incluído)	IVE (21%)	PREZO UNITARIO CON IVE
1	Preparación da documentación para o acordo de cesión.	30	85,00 €	17,85 €	102,85 €
2	Solicitude de parcelación ou segregación	30	110,00 €	23,10 €	133,10 €
3	Elaboración de modelos e formalización da escritura de cesión.	30	65,00 €	13,65 €	78,65 €
4	Modificación catastral	30	100,00 €	21,00 €	121,00 €
5	Elevación ao Rexistro da Propiedade	30	85,00 €	17,85 €	102,85 €
6	Preparación da documentación e incorporación ao Patrimonio Municipal da Cesión	30	54,00 €	11,34 €	65,34 €
	<b>TOTAIS</b>	<b>30</b>	<b>499,00 €</b>	<b>104,79 €</b>	<b>603,79 €</b>

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo, tendo en conta que o servizo se prestará de forma sucesiva, dado que as unidades estimadas de actuación durante a vixencia do contrato son orientativas, sen que exista compromiso por parte do Concello de Cambre de esgotar o orzamento total previsto

Con data 18/03/2021 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo arquitecto municipal, polo concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos humanos, ao que se xunta memoria valorada, para a contratación de dito servizo, e motivada na necesidade de desenvolver o procedemento para a obtención, polo Concello de Cambre, das cesións anticipadas de terreos necesarios para a construción de novas beirarrúas do sistema de viarios municipais. En concreto, a prestación do servizo consiste na realización das seguintes tarefas: realización de levantamentos topográficos das superficies afectadas, elaboración de documentación necesaria para os acordos de cesión e tramitación do proceso de inscrición da cesión na Dirección Xeral de Catastro e no Rexistro da Propiedade. Isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP .

No informe de necesidade móvase a urxencia da contratación na execución das actuacións contempladas no Plan Viario Municipal, para o cal é imprescindible contar previamente cos terreos necesarios.

Con data 22/03/2021 emítase documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 151 22706, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

O servizo que se pretende levar a cabo enmárcanse dentro das competencias que o Concello de Cambre ten en materia de "infraestructuras viarias e outros equipamentos da súa titularidade" , conforme se estipula no artigo 25.2, apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

Con data 14/04/2021 emítase informe polo arquitecto municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Acuatea Técnicas Aplicadas, S.L. P.
- José M. Rumbo Naya (enxeñeiro técnico agrícola)
- José Luís varela Fernández (enxeñeiro agrónomo)

e que presentou oferta unicamente a empresa **Acuatea Técnicas Aplicadas, S.L.**, obtendo os 100 puntos que se asignan ao único criterio de valoración aplicable no presente expediente, que é o factor prezo; formulando proposta de adxudicación do "Servizo para a tramitación da cesión ao Concello de Cambre de terreos

destinados no planeamento a viarios”, á citada empresa, con NIF B703\*\*\*\*\* e domicilio en lugar da Pena 16, 15181 Cambre (A Coruña), nos prezos unitarios ofertados para cada parcela que se relacionan a continuación, por presentar oferta vantaxosa sen que poida considerarse desproporcionada ou anormal.

REF.	TAREFAS	UNIDADES ESTIMADAS (Parcelas)	PREZO UNITARIO (G.X. e B.I. incluído)	IVE (21%)	PREZO UNITARIO CON IVE
1	Preparación da documentación para o acordo de cesión.	30	85,00 €	17,85 €	102,85 €
2	Solicitude de parcelación ou segregación	30	110,00 €	23,10 €	133,10 €
3	Elaboración de modelos e formalización da escritura de cesión.	30	65,00 €	13,65 €	78,65 €
4	Modificación catastral	30	100,00 €	21,00 €	121,00 €
5	Elevación ao Rexistro da Propiedade	30	85,00 €	17,85 €	102,85 €
6	Preparación da documentación e incorporación ao Patrimonio Municipal da Cesión	30	54,00 €	11,34 €	65,34 €
	<b>TOTAIS</b>	<b>30</b>	<b>499,00 €</b>	<b>104,79 €</b>	<b>603,79 €</b>

Con data do 30 de xuño de 2021 emítese informe pola técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Patrimonio, dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López, coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, no que se fan diversas consideracións respecto ás prescricións técnicas, a fin de que os traballos a desenvolver pola empresa se circunscriban á realización de traballos técnicos, aportación de documentación e tarefas de apoio e colaboración na tramitación dos expedientes, tanto pola área propoñente do contrato como polo Departamento de Patrimonio no seu caso, e que en ningún caso poderán dar lugar á produción de actos administrativos.

Do citado informe deriva que parte dos traballos que se incluíron na Memoria valorada para a prestación do servizo non deben formar parte del, polo que, con data do 2 de xullo de 2021 emítese informe polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que consta que :

*“Á vista do informe emitido polo departamento de secretaría – patrimonio ao respecto da memoria valorada elaborada polo técnico informante e que consta no expediente 2021/C002/000031 para a contratación a través do procedemento de contrato menor “para a prestación dos servizos para a tramitación da cesión ao Concello de Cambre de terreos destinados no planeamento a viarios”, enténdese necesaria a modificación da citada memoria valorada de cara a aclarar aspectos das prestacións incluídas no contrato que presentan unha redacción aberta á interpretacións erróneas, así como a eliminación dunha das prestacións por entenderse que a mesma non é susceptible de ser prestada por axentes externos a esta administración.*

2. As modificacións na memoria valorada afectarían aos seguintes apartados:

- **Apartado 1. Tarefas a desenvolver:**
  - O punto 3 quedaría redactado do seguinte teor literal: *Recopilación da documentación necesaria para a formalización da escritura de cesión.*
  - *Suprímese o punto 5.*
  - O punto 6 pasa a numerarse como 5, co seguinte teor literal: *Preparación da documentación e os datos necesarios para a incorporación ao Patrimonio Municipal da cesión, que deberán ser presentados nun formato compatible coa plataforma municipal para a xestión do Inventario de Bens e Dereitos Municipais (INGRID).*
- **Apartado 3. Orzamento e prezo do contrato:**

Ao suprimirse a referencia 5ª das tarefas a desenvolver, correspondente á elevación ao Rexistro da Propiedade cun prezo unitario con IVA de 102,85 euros, o valor estimado do contrato polas tarefas descritas para o total das parcelas estimadas ascende a 12.420,00 € sen IVE (15.028,20 € IVE do 21% incluído).

• **Apartado 4. Seguimento e abono dos servizos:**

Respecto aos diferentes momentos en que se entenden integramente executadas as tarefas obxecto do contrato, no apartado primeiro queda incluído unicamente o punto 4º, “modificación catastral”.

No seguinte momento, parágrafo seguinte, inclúense todas as demais tarefas da 1ª á 5ª.

(...)

4. Dado que tanto no informe de necesidade igual que na memoria valorada do referido contrato especificábase que o prezo do contrato determinábase mediante prezos unitarios e que a as tarefas incluídas no mesmo prestaríanse de forma sucesiva, sen que existise compromiso por parte do Concello de Cambre nin de esgotar o orzamento total previsto nin de executar a totalidade das prestacións, o funcionario informante entende as modificacións na memoria valorada que se realizan a través do presente informe non comprometen á oferta realizada pola entidade que participou no procedemento, isto sen prexuízo de que se lle deba remitir ao ofertante a memoria valorada modificada, concedéndolle un prazo para que manifieste a súa conformidade de manter a oferta realizada.”

O arquitecto municipal achega ao seu informe unha nova memoria valorada, que contén as modificacións indicadas, que supoñen unha variación no prezo total do contrato , que pasa a reducirse a **12.420,00 euros sen IVE, 15.028,20 euros IVE incluído**, co seguinte desglose de prezos unitarios:

REF.	TAREFAS	UNIDADES ESTIMADAS (Parcelas)	PREZO UNITARIO (G.X. e B.I. incluído)	IVA (21%)	PREZO UNITARIO CON IVA
1	Preparación da documentación para o acordo de cesión.	30	85,00 €	17,85 €	102,85 €
2	Solicitude de parcelación ou segregación	30	110,00 €	23,10 €	133,10 €
3	Recopilación da documentación necesaria para a formalización da escritura de cesión.	30	65,00 €	13,65 €	78,65 €
4	Modificación catastral	30	100,00 €	21,00 €	121,00 €
5	Preparación da documentación e dos datos necesarios para a incorporación ao Patrimonio Municipal da cesión	30	54,00 €	11,34 €	65,34 €
	<b>TOTAIS</b>	<b>30</b>	<b>414,00 €</b>	<b>86,94 €</b>	<b>500,94 €</b>

Con data do 9 de xullo de 2021 a empresa ofertante, “Aquatea Técnicas Aplicadas S.L.P.” amosa a súa conformidade ás modificacións realizadas, ratificando a súa oferta.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral de data 28 de xullo de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 369/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 26 de setembro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar a memoria valorada modificada para o “Servizo para a tramitación da cesión anticipada ao Concello de Cambre de terreos destinados no planeamento a viarios”, elaborada polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 2 de xullo de 2021, cun orzamento base de licitación de 12.420,00 euros sen IVE, 15.028,20 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 12 meses, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 151 22706.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000031, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato do “Servizo para a tramitación da cesión anticipada ao Concello de Cambre de terreos destinados no planeamento a viarios”, á empresa “Acuatea Técnicas Aplicadas, S.L.P.” con NIF B703\*\*\*\* e domicilio en lugar da Pena 16, 15181 Cambre (A Coruña), nos prezos unitarios ofertados para cada parcela que se relacionan a continuación, por ser a única entidade licitadora que formulou oferta e cumprir con tódolos requisitos establecidos na Memoria valorada elaborada para a prestación do servizo :

REF.	TAREFAS	UNIDADES ESTIMADAS (Parcelas)	PREZO UNITARIO (G.X. e B.I. incluído)	IVE (21%)	PREZO UNITARIO CON IVE
1	Preparación da documentación para o acordo de cesión.	30	85,00 €	17,85 €	102,85 €
2	Solicitud de parcelación ou segregación	30	110,00 €	23,10 €	133,10 €
3	Recopilación da documentación necesaria para a formalización da escritura de cesión.	30	65,00 €	13,65 €	78,65 €
4	Modificación catastral	30	100,00 €	21,00 €	121,00 €
5	Preparación da documentación e dos datos necesarios para a incorporación ao Patrimonio Municipal da cesión	30	54,00 €	11,34 €	65,34 €
	<b>TOTAIS</b>	<b>30</b>	<b>414,00 €</b>	<b>86,94 €</b>	<b>500,94 €</b>

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar responsable municipal do contrato á técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Patrimonio dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese á responsable do contrato e ao departamento de Intervención para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos á entidade interesada facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á “Subministración dunha máquina fregadora/aspiradora industrial con conductor sentado para un pavillón polideportivo municipal a determinar dentro do término municipal de Cambre”, á empresa Darlim S.L., no prezo ofertado de 5.890,00€ sen IVE, 7.126,90€ IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000147**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 12/08/2021 se asina polo coordinador da área de cultura, deporte e xuventude , o concelleiro delegado da área de urbanismo e obras e concelleira delegada da área de economía, facenda e recursos humanos o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente á “Subministración dunha máquina fregadora/aspiradora industrial con conductor sentado para un pavillón polideportivo municipal a determinar dentro do término municipal de Cambre” elaborado polo coordinador da área de cultura, deporte e xuventude, no que se motiva a necesidade da subministración, cun importe de licitación de 7.200,00 euros sen IVE, 8.712,00 euros IVE incluído e prazo de execución de 7 días.

A dita contratación considérase necesaria para a correcta prestación de servizo e uso das instalacións deportivas municipais que serán obxecto das actuacións derivadas deste contrato, en cumprimento das competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da *Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local*.

Asemade, a *Lei 3/2012 do deporte de Galicia*, no seu artigo 8, especifica as seguintes competencias para os municipios no seu ámbito territorial:

*3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.*

*4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.*

O Concello debe velar pola óptima limpeza e desinfección dos edificios municipais e máis coa situación covid-19, por iso considérase a citada subministración urxente e necesaria debido ao uso intensivo da instalación. Preténdese a adquisición dunha máquina fregadora/aspiradora para a limpeza e desinfección diaria nun pavillón deportivo a determinar coa intención de mellorar o estado da superficie deportiva desta instalación que teñen un uso intensivo

Con data 12 de agosto 2021 emítase informe nº 299/2021 pola Intervención Municipal no que expon que é posible a tramitación anticipada, xa que se atopa condicionado á aprobación definitiva dun expediente de suplemento de crédito, inicialmente aprobado o 29 de xullo de 2021, no que se inclúe unha modificación por importe de 60.000,00 € para incrementar o crédito existente na aplicación 342.625.00 no orzamento municipal do exercicio 2021, a fin de poder realizar un maior gasto na inversión entre os que se atopa a subministración que é obxecto do presente expediente, tal como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establece o seguinte: "poderán tramitarse anticipadamente os contratos cuxa execución material teña que comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiación dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que vaian a financiar o contrato correspondente".

Engade que se debe advertir que "en caso de non entrar en vigor o suplemento de crédito o licitador non terá dereito a indemnización algunha" e recomenda a introducción dunha condición suspensiva de xeito que o Concello poderá desistir da tramitación do expediente se no prazo de 3 meses dende a aprobación dos pregos a Intervención municipal non pode certificar a existencia de crédito.

Visto o informe nº 366/2021 emitido pola Intervención municipal do data 26 de setembro de 2021 no que se dispón:

*"O expediente de modificación ao que se fai referencia, expediente de suplemento de crédito núm. 3/2021, a data de día de hoxe, está aprobado con carácter definitivo, ao non terse presentado alegacións ao mesmo no prazo de información pública, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 165, de data 31/08/2021, anuncio de aprobación definitiva do expediente, polo que o presente contrato non se ha de adxudicar suxeito a condición suspensiva algunha.*

*Incorpórase ao expediente documento contable RC num. 220210008313 de data 04/09/2021 por importe de 8.712,00 euros, acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente."*

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 15/09/2021 emítase informe polo coordinador de área de cultura, deportes e xuventude, no que consta que:

**Primeiro:** No expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- Darlim SL
- Noucar SL
- Bescal SA

**Segundo:** Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Darlim SL	5890,00	7126,90
Noucar SL	7000,00	8470,00
Bescal SL	6813,32	8244,12

**Terceiro:** Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo **PROPOÑO:**

Adxudicar o contrato menor correspondente á obra/servizo/subministración de Subministro dunha máquina fregadora/aspiradora industrial para un pavillón polideportivo municipal, á empresa Darlim SL con NIF B36612562, domicilio en Avda Principal 67 Pol industrial A Granxa Porriño Pontevedra, no prezo ofertado de 5890,00 € sen IVE, 7126,90 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de admin. xeral de data 23 de setembro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 366/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 26 de setembro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da *Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local*, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante



Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente á “dunha máquina fregadora/aspiradora industrial con conductor sentado para un pavillón polideportivo municipal a determinar dentro do término municipal de Cambre” elaborado polo coordinador da área de cultura, deporte e xuventude, no que se motiva a necesidade da subministración, cun importe de licitación de 7.200,00 euros sen IVE, 8.712,00 euros IVE incluído, no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 62300 (maquinaria, instalac. técnicas, instalacións deportivas).

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000147, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato menor correspondente á obra/servizo/subministración de Subministro dunha máquina fregadora/aspiradora industrial para un pavillón polideportivo municipal, á empresa Darlim SL con NIF B3661\*\*\*\*, domicilio en Avda Principal 67 Pol industrial A Granxa Porriño Pontevedra , no prezo ofertado de 5890,00 € sen IVE, 7126,90 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designase como responsable do contrato o coordinador da área de cultura, deportes e xuventude , a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á Subministración e instalación de LUMINARIAS CAMPANAS LEDS para a PISTA dos pavillóns polideportivos de Graxal, Campóns e Brexo -Lema.", á empresa Fondo Instalaciones Electricas S.L., no prezo ofertado de 12.632,39€ sen IVE, 15.285,75€ IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000142**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data 09/08/2021 asínase polo coordinador da Área de cultura, deportes e xuventude , o concelleiro delegado da Área de cultura, deporte e xuventude e pola concelleira delegada da Área de economía, facenda e recursos humanos o documento denominado "Proposta-Informe de Necesidade", no que se inclúe o documento denominado "Memoria valorada", correspondente á "Subministración e instalación de LUMINARIAS CAMPANAS LEDS para a pista dos pavillóns polideportivos de Graxal, Campóns e Brexo -Lema" elaborado con data 05/08/2021 polo coordinador da Área de cultura, deportes e xuventude, cun importe de licitación de 14.827,10 euros sen IVE, 17.940,79 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 15 días.

A dita contratación considérase necesaria para a correcta prestación de servizo e uso das instalacións deportivas municipais que serán obxecto das actuacións derivadas deste contrato, en cumprimento das competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da *Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local*.

Asemade, a *Lei 3/2012 do deporte de Galicia*, no seu artigo 8, especifica as seguintes competencias para os municipios no seu ámbito territorial:

*3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.*

*4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.*

As necesidades a satisfacer co contrato proxectado derivan de que, realizada nas pasadas semanas a revisión nos Pavillóns polideportivos municipais aos que se refire o presente contrato, constatouse que, ademais da necesidade de reposición de numerosas lámpadas, faise necesario iniciar un proceso de substitución das campás industriais antigas por luminarias LED, debido a cuestións de economía de consumo e de seguridade (algúns compoñentes das campás actuais, presentan danos na súa estrutura debido a impactos dos balóns e pelotas, con posibilidade de desprenderse e o perigo que supón para os deportistas ), polo que se propón a compra de todos os focos da pista.

A actuación permitirá que as actividades deportivas que se realizan nas instalacións especificadas en horario nocturno poidan desenvolverse nunhas condicións óptimas de iluminación, evitando asemade as consecuencias prexudiciais que o seu estado actual poida ter nas condicións de uso e seguridade das mesmas.

Con data 09 de agosto 2021 emítase informe nº 294/2021 polo interventor municipal, no que expón que é posible a tramitación anticipada do expediente, tal como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei

9/2017 de Contratos do sector público, que establece o seguinte: “poderán tramitarse anticipadamente os contratos cuxa execución material teña que comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiación dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que vaian a financiar o contrato correspondente”, xa que se atopa condicionado á aprobación definitiva dun expediente de suplemento de crédito, inicialmente aprobado o 29 de xullo de 2021, no que se inclúe unha modificación por importe de 35.000,00 € para incrementar o crédito existente no orzamento municipal do exercicio 2021, a fin de poder realizar un maior gasto na inversión ,entre os que se atopa a subministración que é obxecto do presente expediente

Engade que se debe advertir que “en caso de non entrar en vigor o suplemento de crédito o licitador non terá dereito a indemnización algunha” e recomenda a introducción dunha condición suspensiva de xeito que o Concello haberá de desistir da tramitación do expediente se no prazo de 3 meses dende a aprobación dos pregos a Intervención municipal non pode certificar a existencia de crédito.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal nº 367/2021 do data 26/09/2021, no que se dispón:

*“O expediente de modificación ao que se fai referencia, expediente de suplemento de crédito núm. 3/2021, a data de día de hoxe, está aprobado con carácter definitivo, ao non terse presentado alegacións ao mesmo no prazo de información pública, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 165, de data 31/08/2021, anuncio de aprobación definitiva do expediente, polo que o presente contrato non se ha de adxudicar suxeito a condición suspensiva algunha.*

*Incorpórase ao expediente documento contable RC num. 220210008312 de data 04/09/2021 por importe de 17.940,79 euros, acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente”.*

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 21/09/2021 emítase informe polo coordinador de área de cultura, deportes e xuventude, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- Instelec S.L.
- Fondo Instalaciones Electricas S.L.
- Celnor Servizos S.L.

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Instelec S.L.	14.793,39	17.900,00
Fondo Instalaciones Electricas S.L.	12.632,85	15.285,75

Formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á “Subministración e instalación de LUMINARIAS CAMPANAS LEDS para a PISTA dos pavillóns polideportivos de Graxal, Campóns e Brexo-Lema”, á empresa Fondo Instalaciones Electricas S.L., con NIF \*\*\*\*\*5956, domicilio en Rúa Castellana 28 baixo, D-2, 15660 Cambre, no prezo ofertado de 12.632,39€ sen IVE, 15.285,75€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor

estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de admin. xeral de data 23 de setembro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 367/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 26 de setembro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da *Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local*, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente á “Subministración e instalación de LUMINARIAS CAMPANAS LEDS para a PISTA dos pavillóns polideportivos de Graxal, Campóns e Brexo -Lema” elaborado polo coordinador da área de cultura, deporte e xuventude, no que se motiva a necesidade da subministración, cun importe de licitación de 14.827,10 euros sen IVE, 17.940,79 euros IVE incluído, no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 62200 (instalacións deportivas).

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000142, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato menor correspondente á “Subministración e instalación de LUMINARIAS CAMPANAS LEDS para a PISTA dos pavillóns polideportivos de Graxal, Campóns e Brexo-Lema”, á empresa Fondo Instalaciones Electricas S.L., con NIF B70085956, domicilio en Rúa Castellana 28 baixo, D-2, 15660 Cambre, no prezo ofertado de 12.632,39€ sen IVE, 15.285,75€ IVE incluído, e prazo de execución de 15 días, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designase como responsable do contrato o coordinador da área de cultura, deportes e xuventude, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**E) Aprobación, se procede, da liquidación do contrato suscrito coa entidade “Pumbariño, S.L.”, para a organización e realización da “Xuntanza do maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020. Expediente : 2019/C004/000016**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local do día 6 de outubro de 2020 acordouse resolver o contrato suscrito coa empresa “Pumbariño, S.L.”, no expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da *Xuntanza do Maior* a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”, así como incoar expediente para a liquidación do contrato e aboamento ao contratista do servizo prestado conforme co establecido no prego de prescricións técnicas que serviron para a súa adxudicación, isto de conformidade co establecido no artigo 313.2 da LCSP.

Visto o informe emitido pola coordinadora de Servizos Sociais municipal con data 24/09/2021, no que, tendo en conta os incumprimentos contractuais producidos, avalía o importe da liquidación a aboar ao contratista na suma de 11.164,11 euros IVE incluído, (9.959,51 euros sen IVE),

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral e mailo “intervido e conforme” do interventor da Corporación, de data 27 de setembro de 2021, do seguinte teor literal:

#### **ANTECEDENTES**

**1.-** No Concello de Cambre tramitouse o expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da *Xuntanza do Maior* a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”, cun orzamento base de licitación de 31.348,86 € e 36.635,14 euros IVE incluído.

O obxecto do contrato consiste nun servizo de organización e desenvolvemento dunha comida e posterior baile, para 750 comensais (700 deles incluídos dentro do colectivo da terceira idade do Concello de Cambre, e o resto das prazas correspondente a persoal de apoio e representantes institucionais), baixo a denominación "Xuntanza do Maior", que ten lugar o primeiro domingo do mes de outubro de cada un dos dous anos que abarca o período temporal deste contrato.

Con data do 24 de setembro de 2019, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar o servizo á empresa Pumbariño, S.L. con CIF B32419137 e domicilio en Estrada de Ourense-A Mezquita 4 A- 32830 A Merca (Ourense), no prezo ofertado, para os dous anos de contrato, de 34.912,14 € IVE incluído, 30.947,86 € sen IVE, por ser a única entidade cuxa proposición cumpre os requisitos de procedemento e non atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

A empresa aceptou a adxudicación mediante escrito presentado con data do 26 de setembro de 2019, rexistrado na sede electrónica do Concello de Cambre ao número 201999900001506.

2- Realizada a "Xuntanza do Maior" correspondente á anualidade 2019, e emitidos os pertinentes informes pola responsable do contrato, foi tramitado expediente de resolución contractual, no que, trala oportuna realización dos preceptivos trámites e emisión de Ditame polo Consello Consultivo de Galicia o 9 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, na súa sesión do día 6 de outubro de 2020 adoptou o seguinte acordo :

**"Primeiro:** De acordo co Consello Consultivo de Galicia, ditame nº CCG 213/2020, de 9 de setembro, e de conformidade co establecido nos artigos 190 e 211.1 f), parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e cláusula 16.1.11 do Prego de cláusulas administrativas particulares, resolver o contrato suscrito coa empresa "Pumbariño, S.L.", e domicilio na Estrada de Ourense nº 4, A Mezquita, 32838 A Merca (Ourense), adxudicataria do expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de "Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020", polo seguinte motivo:

- O incumprimento dos medios persoais para executar o contrato previstos na cláusula 16.1.11 do prego de cláusulas administrativas particulares onde se esixen 13 camareiros/as e 1 cociñeiro/a, establecéndose dito incumprimento como obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 211 da LCSP (resolución do contrato), por canto da documentación aportada coa alegación resulta que solo prestaron servizos no evento 9 camareiros/as cando o prego esixía 13.

**Segundo:** Incoar expediente para a liquidación do contrato e aboamento ao contratista do servizo prestado conforme co establecido no prego de prescricións técnicas que serviron para a súa adxudicación, isto de conformidade co establecido no artigo 313.2 da LCSP.

**Terceiro:** Notificar á entidade "Pumbariño, S.L.", facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Cuarto:** Comunicar os acordos anteriores ao Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co artigo 45 do seu Regulamento de organización e funcionamento (Decreto 91/2015 do 18 de xuño)".

O anterior acordo foi notificado á entidade "Pumbariño, S.L." a través do sistema "Notifica.gal", con data de saída do 08/10/2020 e rexistrado ao nº 20200000003437, tendo sido leído e aceptada a notificación polo contratista con data do 9 de outubro seguinte.

Con data do 09/08/2021 emítese informe pola funcionaria que subscribe, indicando que á data da emisión do informe non consta no expediente a interposición de recurso ningún contra os anteriores acordos por parte da empresa "Pumbariño, S.L.", polo que ditos acordos teñen carácter de firmes.

3.- Cómpre indicar que no Ditame emitido con data do 09/09/2020 polo Consello Consultivo de Galicia, faise constar expresamente, no referente ao "cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato....de externa gravidade ,tendo en conta o dano producido á imaxe do Concello como institución, pola transcendencia social do número de persoas participantes ...." (refírese aos incumprimentos indicados nos informes da responsable do contrato sobre os agasallos de protocolo, incumprimento respecto do menú e da prestación do servizo, e incumprimento da actuación da orquestra) que "... aqueles incumprimentos non afectaron á obriga principal do contrato, cal era a celebración do evento ( artigo 211.1 letra f) da LCSP), nin tampouco a ningunha das obrigas cualificadas como esenciais no Prego, tratándose, logo, de cumprimentos defectuosos de obrigas non esenciais que, polo tanto, non habilitan á resolución contractual pretendida polo Concello, sen prexuízo, iso si, da lóxica incidencia daqueles incumprimentos na liquidación do contrato"

4.- Con data do 24/09/2021 emítese informe pola coordinadora de Servizos Sociais municipal, no que, tendo en conta os incumprimentos contractuais producidos, avalía o importe da liquidación a aboar ao contratista na suma **de 11.164,11 euros IVE incluído, (9.959,51 euros sen IVE)**, segundo o seguinte desglose:

Concepto	Importe licitación sen IVE	Total Unidade	% imputable	Importe	%baixa empresa	Importe total final sen IVE	% IVE	Importe IVE	Importe total final con IVE	
Comida	10.125,00 €	100%	50%	5.062,50 €	1,28%	4.997,70 €	10,00%	499,77 €	5.497,47 €	
Orquestra	1.957,27 €	3 horas	2 horas	1.304,85 €	1,28%	1.288,14 €	21,00%	270,51 €	1.558,66 €	
Persoal	2.276,82 €	14 persoas	10 persoas	1.626,30 €	1,28%	1.605,48 €			1.605,48 €	
Carpas	1.270,00 €	100%	100%	1.270,00 €	1,28%	1.253,74 €	21,00%	263,29 €	1.517,03 €	
Detalles	825,00 €	100%	100%	825,00 €	1,28%	814,44 €	21,00%	171,03 €	985,47 €	
						<b>TOTAL SEN IVE</b>		<b>9.959,51 €</b>	<b>TOTAL CON IVE</b>	<b>11.164,11 €</b>

A responsable do contrato obtén os importes indicados tendo en conta as seguintes consideracións que constan no seu informe de data 24/09/2021:

- Respecto ao servizo de comidas, a coordinadora de Servizos Sociais considera que se debe aboar soamente o 50 % do menú correspondente ao primeiro prato e postre, así como o servizo de bebidas e cafés.
- Respecto ao servizo da orquestra, a coordinadora de Servizos Sociais considera que se debe aboar o importe que corresponde a dúas horas de actuación, das 17:45 ás 19:45 horas.
- Respecto ao servizo de persoal, soamente procede aboar o custo correspondente a 9 camareiros e 1 cociñeiro
- A subministración das carpas debe aboarse na súa totalidade
- Respecto aos agasallos de protocolo (cuncas), procede o aboamento total do seu importe, a xuízo da coordinadora da Área.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

**1.-** Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), en concreto: arts. 190; 191 e 313.2

**2.-** Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en adiante RXLCAP, arts. 97 e 169 (este último de aplicación supletoria)

**3.-** Pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares aplicables ao expediente, que actúan como lei reguladora do contrato.

Con base nos antecedentes, e tendo en conta a lexislación aplicable, emítase o presente **INFORME**:

**PRIMEIRO:** O artigo 190 da LCSP establece como prerrogativas do órgano de contratación, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei, as de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista por mor da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

O artigo 191.1 da LCSP establece que :

“1. Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, **deberá darse audiencia ao contratista.**”

Por outra banda, o artigo 313.2 da LCSP reconece o dereito do contratista, no caso de resolución do contrato, a percibir o importe dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente tivese realizado conforme ao contrato e que tivesen sido recibidos pola Administración.

**SEGUNDO:** Acordada e firme a resolución do contrato, procede polo tanto incoar expediente para a liquidación do contrato, de conformidade co establecido no artigo 313.2 LCSP, e co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data do 6 de outubro de 2020.

Para a tramitación do expediente de liquidación, o art. 97 do Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas establece con carácter xeral que :

“Artigo 97. Resolución de incidencias xurdidas na execución dos contratos.

Con carácter xeral, salvo o establecido na lexislación de contratos das Administracións públicas para casos específicos, cantas incidencias xurdan entre a Administración e o contratista na execución dun contrato por diferenzas na interpretación do convindo ou pola necesidade de modificar as condicións contractuais, tramítanse mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente as actuacións seguintes:

1. Proposta da Administración ou petición do contratista.
2. Audiencia do contratista e informe do servizo competente a evacuar en ambos os casos nun prazo de cinco días hábiles.
3. Informe, no seu caso, da Asesoría Xurídica e da Intervención, a evacuar no mesmo prazo anterior.
4. Resolución motivada do órgano que celebre o contrato e subseguente notificación ao contratista.

Salvo que motivos de interese público o xustifiquen ou a natureza das incidencias o requira, a tramitación destas últimas non determinará a paralización do contrato.”

**TERCEIRO :** A Lei de contratos do sector público non recolle un procedemento específico para tramitar a liquidación contractual, que si se contempla especificamente para a liquidación do contrato de obras no RXLCAP, cuio art. 169 establece que :

“Artigo 169. Liquidación no contrato de obras.



1. Transcorrido o prazo de garantía, si o informe do director da obra sobre o estado das mesmas fose favorable ou, en caso contrario, unha vez reparado o construído, formularase polo director no prazo dun mes a proposta de liquidación das realmente executadas, tomando como base para a súa valoración as condicións económicas establecidas no contrato.

**2. A proposta de liquidación notificarase ao contratista para que no prazo de dez días preste a súa conformidade ou manifieste os reparos que estime oportunos.**

**3. Dentro do prazo de dous meses, contados a partir da contestación do contratista ou do transcurso do prazo establecido para tal fin, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e abonar, no seu caso, o saldo resultante da mesma."**

**CUARTO:** Poñendo en relación os artigos 97 e 169 do RXLCAP, así como o 191.1 da Lei 9/2017, resulta que a liquidación do contrato debe levar consigo a audiencia ao contratista, que se ben o artigo 97 determina nun prazo de cinco días hábiles, ampliase a dez días naturais polo artigo 169 do mesmo Corpo legal.

Co fin de solventar esta posible contradicción, debemos lembrar que os contratos administrativos rexeranse, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción, pola LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado (art. 25.2 LCSP e cláusula 1, párrafo segundo do PCAP)

Neste sentido, o artigo 73.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas establece con carácter xeral que "Os trámites que deban ser cubertos polos interesados deberán realizarse no prazo de dez días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente fíxese prazo distinto", indicando o seu artigo 30.2 que "Sempre que por Lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos."

Polo tanto, tendo en conta a aplicación supletoria tanto do procedemento de liquidación do contrato de obras contemplado no RXLCAP como na Lei de procedemento administrativo, a xuízo da funcionaria informante o período de audiencia que debe outorgarse ao contratista debe ser de dez días hábiles, transcorrido o cal, no prazo de dous meses, deberá o Concello aprobar a liquidación e aboarlle á empresa o saldo resultante dela.

Visto canto antecede, pola funcionaria informante fórmase a seguinte proposta, para a súa elevación á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación en función da delegación efectuada segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019. de data 01/07/2019:

**Primeiro:** Tendo en conta o informe emitido pola coordinadora de Servizos Sociais municipal con data do 24 de setembro de 2021, fixar o importe da liquidación a percibir polo servizo prestado conforme co establecido no prego de prescricións técnicas que serviron para a adxudicación do contrato na suma de 11.164,11 euros, IVE incluído (9.959,51 euros sen IVE).

**Segundo:** Tendo en conta o establecido nos artigos 97 e 169 do RXLCAP, así como o 191.1 da Lei 9/2017, dar audiencia ao contratista polo prazo de dez días hábiles, a fin de que **preste a súa conformidade ou manifieste os reparos que estime oportunos aportando os documentos e alegacións** que considere pertinentes.

**Terceiro:** Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, dándolle traslado do informe emitido pola coordinadora de Servizos Sociais municipal con data do 24/09/21, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Cuarto.** Notificar aos Departamentos de Servizos Sociais e Intervención Municipais, para os efectos oportunos."

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada



mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Tendo en conta o informe emitido pola coordinadora de Servizos Sociais municipal con data do 24 de setembro de 2021, fixar o importe da liquidación a percibir polo servizo prestado conforme co establecido no prego de prescricións técnicas que serviron para a adxudicación do contrato na suma de 11.164,11 euros, IVE incluído (9.959,51 euros sen IVE).

**Segundo:** Tendo en conta o establecido nos artigos 97 e 169 do RXLCAP, así como o 191.1 da Lei 9/2017, dar audiencia ao contratista polo prazo de dez días hábiles, a fin de que preste a súa conformidade ou manifieste os reparos que estime oportunos aportando os documentos e alegacións que considere pertinentes.

**Terceiro:** Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, dándolle traslado do informe emitido pola coordinadora de Servizos Sociais municipal con data do 24/09/21, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Cuarto:** Notificar aos Departamentos de Servizos Sociais e Intervención Municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Juan González Leirós

Maria Luisa de la Red Ampudia